

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

12345 Orde ICT/920/2018, do 30 de agosto, sobre réxime de autorización e control de importación de sementes de cáñabo non destinadas á sementeira.

O funcionamento e desenvolvemento da organización común de mercados no sector do liño e o cáñabo destinados á produción de fibras exige, con carácter xeral, un réxime de control do comercio con terceiros países dos citados produtos.

En concreto, para que os cultivos ilícitos de cáñabo non perturben o mercado do cáñabo destinado á produción de fibras, cómpre a realización de controis das importacións de cáñabo e de sementes de cáñabo co fin de asegurarse de que os ditos produtos ofrecen garantías en canto ao contido de tetrahidrocannabinol.

Ademais, a importación de sementes de cáñabo non destinadas á sementeira debe someterse a un réxime de control estrito que regule a autorización dos importadores en cuestión, de maneira que, suxeitando os certificados a unhas condicións comúns e de acordo cun principio de asistencia mutua, se poidan previr e evitar os casos de fraude e as irregularidades na súa comercialización.

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, establece, no seu artigo 189, disposicións especiais aplicables á importación de cáñabo. Estas disposicións determinan a necesidade de que as sementes de cáñabo non destinadas a sementeira sexan importadas unicamente por importadores autorizados polo Estado membro, co fin de garantir que non se destinan á sementeira.

Este marco regulatorio complétase co previsto no Regulamento delegado (UE) 2016/1237 da Comisión, do 18 de maio de 2016, que complementa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que atinxe ás disposicións de aplicación do réxime de certificados de importación e exportación, e o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que atinxe ás normas relativas á liberación e execución das garantías constituídas para os ditos certificados, que modifica os regulamentos (CE) n.º 2535/2001, (CE) n.º 1342/2003, (CE) n.º 2336/2003, (CE) n.º 951/2006, (CE) n.º 341/2007 e (CE) n.º 382/2008 da Comisión, e que derroga os regulamentos (CE) n.º 2390/98, (CE) n.º 1345/2005, (CE) n.º 376/2008 e (CE) n.º 507/2008 da Comisión.

Convén sinalar que este último Regulamento (CE) n.º 507/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, contiña as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1673/2000 do Consello polo que se establecía a organización común de mercados no sector do liño e o cáñabo destinados á produción de fibras, en cuxo artigo 5 se regulaba o réxime de control do comercio con terceiros países.

Tendo en conta esta última previsión regulamentaria ditouse a Orde ITC/426/2008, do 13 de febreiro, sobre réxime de control de importación de sementes de cáñabo non destinadas á sementeira. O artigo terceiro desta orde prevía a creación dun Rexistro de Importadores Autorizados de Sementes de Cáñabo non Destinadas á Sementeira (Risca), dependente da Secretaría Xeral de Comercio Exterior, en que se incluírían os importadores que, por resolución ditada para o efecto, resultasen autorizados.

O obxecto desta orde é, por un lado, mellorar o réxime de autorización e control de importación de sementes de cáñabo non destinadas á sementeira simplificando a normativa nacional no que se refire ao sistema de autorización de importadores mediante a eliminación do Risca e, por outro, actualizar as referencias á lexislación europea e ás

autoridades nacionais competentes en España para a realización dos controis á importación de cánabo e para a expedición dos certificados correspondentes.

A adopción desta orde responde aos principios de boa regulación, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Desde o punto de vista dos principios de necesidade e eficacia, con esta disposición simplifícase o sistema de autorización de importadores, deixa de existir o Risca e actualízanse tanto as mencións á regulamentación comunitaria vixente como as das autoridades nacionais competentes en España para a realización dos controis á importación de cánabo e para a expedición dos certificados de importación correspondentes. En canto ao principio de proporcionalidade, a disposición contén a regulación imprescindible para atender a necesidade perseguida, cunha simplificación dos trámites administrativos. Así mesmo, a norma incrementará a seguridade xurídica dos operadores neste ámbito de actividade e posibilitará que as autoridades administrativas poidan cumprir de forma máis efectiva as súas funcións. Finalmente, é conforme coas exixencias dos principios de transparencia e de eficiencia non só porque se diminúen cargas administrativas, senón porque se establece un marco claro de actuación para todos os operadores.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, e de acordo co Consello de Estado,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer o sistema de autorización e control á importación en España para sementes de cánabo non destinadas á sementeira.

Artigo 2. *Requisitos xerais.*

1. As sementes de cánabo non destinadas á sementeira só poderán importalas en España importadores que fosen autorizados pola Subdirección Xeral de Comercio Internacional de Mercadorías da Dirección Xeral de Política Comercial e Competitividade, dependente da Secretaría de Estado de Comercio.

2. A obtención da dita autorización será imprescindible para a expedición do certificado de importación (AGRIM) previsto no anexo, parte I, do Regulamento delegado (UE) 2016/1237 da Comisión, do 18 de maio de 2016, que complementa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que atinxe ás disposicións de aplicación do réxime de certificados de importación e exportación, e o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que atinxe ás normas relativas á liberación e execución das garantías constituídas para os ditos certificados, que modifica os regulamentos (CE) n.º 2535/2001, (CE) n.º 1342/2003, (CE) n.º 2336/2003, (CE) n.º 951/2006, (CE) n.º 341/2007 e (CE) n.º 382/2008 da Comisión e que derroga os regulamentos (CE) n.º 2390/98, (CE) n.º 1345/2005, (CE) n.º 376/2008 e (CE) n.º 507/2008 da Comisión. Este certificado de importación será necesario para o despacho a libre práctica en alfándega.

Artigo 3. *Solicitud de cualificación como importador autorizado.*

1. Para obter a condición de importador autorizado de conformidade co disposto no artigo 189 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, o interesado deberá presentar a solicitude que figura

no anexo I, dirixida á Subdirección Xeral de Comercio Internacional de Mercadorías, a través dos rexistros da rede territorial de Comercio e xuntarlle a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva das instalacións do importador e das instalacións dos operadores destinatarios da mercadoría importada que realicen igualmente operacións sobre a dita mercadoría.

b) Informe descriptivo detallado das operacións ás cales o importador ou, se for o caso, os operadores destinatarios da mercadoría van someter as sementes de cânabo importadas, con indicación expresa do rendemento da materia prima, é dicir, da cantidade de produto final obtido respecto á unidade de materia prima, expresada en porcentaxe.

c) Compromiso escrito de terceiros (operadores destinatarios da mercadoría importada a que se refiren os subnúmeros anteriores) de facilitar o acceso dos inspectores oficiais actuantes ás instalacións daqueles, así como de facilitar a documentación solicitada no curso dos controis.

d) No caso de persoas xurídicas, copia auténtica da escritura social da empresa importadora, así como das súas posibles modificacións ou dos seus estatutos, inscrita no Rexistro Mercantil.

e) No caso de persoas físicas, declaración xurada de non ter sido condenado por delitos contra a saúde pública ou tráfico de drogas.

2. Conforme o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presentación poderá tramitarse por vía electrónica a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo ou da sede electrónica da Secretaría de Estado de Comercio; o uso deste medio será obrigatorio para persoas xurídicas.

3. A Administración poderá requirir no momento de presentación das solicitudes ou en calquera momento da súa tramitación ou da actuación de control recollida nesta orde, e para efectos de comprobación dos datos de identificación, a tarxeta do NIF ou do número de IVE intracomunitario cando se trate dunha persoa xurídica, ou calquera outro documento que permita comprobar a identidade do solicitante. Poderase solicitar, igualmente, acreditación de identidade da persoa que figura en representación da entidade xurídica, así como documento que acredite suficientemente as facultades de representación. A exhibición dos ditos documentos poderá substituírse pola presentación de copias auténticas deles, conforme o artigo 27.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. En todo caso, na tramitación das solicitudes observarase o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 4. *Resolución de autorización de importadores.*

1. Unha vez comprobado o cumprimento dos compromisos establecidos no anexo I, a Subdirección Xeral de Comercio Internacional de Mercadorías emitirá, se for o caso, resolución administrativa aprobatoria de importador autorizado.

2. O prazo máximo de resolución e notificación será de seis meses desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración, sen prexuízo da aplicación, se for o caso, do previsto no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre suspensión do prazo máximo para resolver.

3. Se, transcorrido o dito prazo, non se notificase resolución expresa, a solicitude entenderase estimada por silencio administrativo.

4. A resolución de autorización non porá fin á vía administrativa. Poderá dar lugar a un recurso de alzada ante o titular da Secretaría de Estado de Comercio no prazo dun mes desde a súa notificación, conforme o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 5. *Renuncia e revogación da autorización.*

1. Por petición do importador, poderase renunciar á autorización concedida.

2. Revogarase a resolución de autorización tras o oportuno procedemento con audiencia do interesado, nos seguintes casos:

a) Polo desvío da mercadoría para operacións diferentes das recollidas no compromiso emitido polo importador autorizado ao solicitar o certificado AGRIM, e sen prexuízo das responsabilidades de orde penal ou civil que deriven disto.

b) Por incumprimento de calquera dos compromisos adquiridos ou obrigacións derivadas da súa condición de importador autorizado.

c) Polo transcurso de cinco anos sen que o importador autorizado levase a cabo operacións de importación de sementes de cânabo non destinadas á sementeira.

3. A revogación da resolución non pon fin á vía administrativa e será impugnabile en alzada ante o titular da Secretaría de Estado de Comercio nos mesmos termos sinalados no artigo 4.4.

Artigo 6. *Obrigacións dos importadores autorizados.*

1. Aqueles importadores que, de conformidade co indicado nos artigos 3 e 4, obtivesen a categoría de importador autorizado, deberán subscribir en cada unha das operacións comerciais de importación o documento de compromiso que se insire no anexo II e tramitalo xunto coa solicitude de certificado de importación (AGRIM).

2. O importador autorizado deberá cumprir as obrigacións derivadas do dito documento de compromiso, así como as recollidas especificamente no documento de solicitude de importador autorizado do anexo I.

3. Os axentes económicos terán a obrigación de facilitar a inspección e achegar a documentación que lles sexa requirida en calquera momento polos servizos de inspección das direccións territoriais e provinciais de Comercio ou, cando corresponda, polos órganos inspectores correspondentes das comunidades autónomas, no exercicio das competencias relacionadas cos fins perseguidos, e permitirán aos ditos servizos o acceso ás instalacións en que as ditas operacións se efectúen.

Artigo 7. *Control do destino da mercadoría.*

1. Para o control do destino das sementes de cânabo importadas con fins distintos da sementeira, tanto as instalacións do importador autorizado como as doutros operadores implicados nas operacións serán obxecto de controis periódicos conforme unha análise de riscos.

2. Os controis correspondentes ao importador autorizado efectuaranos as direccións territoriais e provinciais de Comercio.

3. Corresponderán aos órganos competentes das comunidades autónomas os controis que afecten operadores distintos dos importadores autorizados, como resultado de transaccións comerciais posteriores á primeira introdución.

4. O previsto nos números 2 e 3 entenderase sen prexuízo, en ambos os casos, das funcións xerais de policía e prevención do delito atribuídas ao Ministerio do Interior, ou as que, neste ámbito, poidan estar atribuídas ás policías autonómicas.

Artigo 8. *Denuncia ante outros órganos das administracións públicas e da Administración de xustiza.*

1. Os servizos de inspección das direccións territoriais e provinciais de Comercio, sen prexuízo do exercicio das funcións que poidan corresponder a outros órganos ou unidades das distintas administracións públicas, formularán ante o órgano administrativo competente en cada caso a correspondente denuncia se, como resultado da súa actuación inspectora ou de control, aprecian indicios de presunto desvío irregular no destino da mercadoría importada, susceptible de constituír infracción administrativa. Isto sen prexuízo da obrigación de presentar denuncia nos termos do artigo 262 da Lei de axuízamento criminal cando os feitos coñecidos sexan susceptibles de ter natureza delituosa.

2. En canto se resolven as actuacións administrativas ou as causas xudiciais incoadas en virtude da dita denuncia, a Subdirección Xeral de Comercio Internacional de Mercadorías poderá revogar cautelarmente a resolución aprobatoria do importador autorizado afectado polas ditas actuacións.

3. Poderá entenderse como posible indicio de desvío irregular da mercadoría, para efectos de formulación de denuncia polos servizos de control correspondentes, non só a apreciación de datos documentais e analíticos no control que así o indiquen, senón tamén:

a) A resistencia, obstrución ou negativa dos importadores ou dos operadores terceiros vinculados contractualmente a estes a facilitar o acceso do persoal inspector ás súas instalacións,

b) A demora excesiva ou inustificada, ou a non achega en prazo da información ou documentación xustificativa que lles fose requirida polos servizos de control.

Disposición adicional primeira. *Asistencia á inspección.*

En caso de necesidade para un eficaz cumprimento da súa función, os servizos de control das direccións territoriais e provinciais de Comercio poderán solicitar a colaboración das forzas e corpos da seguridade do Estado e dos corpos de policía dependentes das comunidades autónomas.

Disposición adicional segunda. *Custo económico.*

O desenvolvemento e aplicación desta orde non suporá incremento do gasto público, xa que as funcións que se encomendan á Secretaría de Estado de Comercio e ás direccións territoriais e provinciais dependentes dela se realizarán cos medios humanos e técnicos dispoñibles.

Disposición transitoria única. *Operadores incluídos no Risca.*

Para os operadores incluídos no Rexistro de Importadores Autorizados (Risca) previsto na Orde ITC/426/2008, do 13 de febreiro, sobre réxime de control de importación de sementes de cânabo non destinadas á sementeira, emitirase no prazo de tres meses resolución aprobatoria automática coa finalidade de que sexan considerados autorizados para efectos desta orde.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde ITC/426/2008, do 13 de febreiro, sobre réxime de control de importación de sementes de cânabo non destinadas á sementeira.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.10ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime alfandegueiro e arancelario e comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de agosto de 2018.—A ministra de Industria, Comercio e Turismo, María Reyes Maroto Illera.

ANEXO I

Solicitud de autorización como importador de sementes de cáñabo con fins distintos á sementeira (artigo 189 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios)

D./D.^a....., con NIF, por si mesmo/a ou como representante da empresa con NIF, enderezo:....., localidade:....., provincia:....., CP..... e enderezo de correo electrónico (opcional).....

SOLICITA

Que lle sexa concedida a categoría de importador autorizado para a importación de sementes de cáñabo destinadas a fins distintos da sementeira.

E, en virtude disto, declara en cumprimento da Orde IT/ /2018, do 30 de agosto, sobre réxime de autorización e control de importación de sementes de cáñabo non destinadas á sementeira:

1. Que as sementes de cáñabo que importe con fins distintos á sementeira serán sometidas unicamente a unha das operacións seguintes, segundo se determine coa solicitude do certificado de importación (AGRIM):

- a) Acondicionamento/tratamento de modo que quede excluído o seu uso para sementeira. (Indíquese o tipo acondicionamento/tratamento:.....)
- b) Mestura, con fins de alimentación animal, con outras sementes que non sexan cáñabo, nunha proporción máxima do 15 por cento de cáñabo no total de sementes.
- c) Exportación a un terceiro país.

2. Que as sementes así importadas nunca serán derivadas á sementeira, nin na súa totalidade nin de forma parcial.

3. Que declarará o roubo, subtracción ou desaparición da totalidade ou parte das sementes importadas no caso en que se produza, logo de presentación da denuncia correspondente ante as autoridades policiais competentes.

4. Que xuntará, para cada importación, unha declaración responsable, conforme o modelo oficialmente establecido no anexo II.

5. Que presentará en cumprimento do mencionado compromiso, establecido no anexo II, nun prazo inferior a 12 meses desde a expedición do correspondente certificado de importación (AGRIM), ante a Rede territorial de Comercio, documentación que demostre que as sementes de cáñabo a que se refire o certificado foron obxecto dunha das operacións indicadas no número 1.

6. Que identificará para cada importación os operadores destinatarios das sementes importadas aos fins descritos no número 1, indicando nome de operador/es, se for o caso, co NIF, razón social, localización de almacéns de operadores destinatarios, teléfono, fin previsto e cantos outros datos identificativos ou necesarios para o control lle sexan requiridos.

7. Que facilitará aos servizos de inspección o acceso ás instalacións concernidas, así como o control, e achegará toda a documentación solicitada por estes en cada momento.

8. Que achegará información de calquera modificación sobre o aquí declarado ou xuntado tan pronto como esta se produza.

Se no transcurso de cinco anos non se levan a cabo operacións de importación de sementes de cáñabo non destinadas á sementeira, revogarase a resolución de autorización como importador autorizado de conformidade co establecido no artigo 5.2.c) da citada orde, sen que isto signifique a extinción das posibles responsabilidades de operacións realizadas con anterioridade.

E para que conste, asino a presente solicitude en o de de 20....

Asdo.

Subdirección Xeral de Comercio Internacional de Mercadorías. Código de identificación electrónico EA0010752

(Dirección Xeral de Política Comercial e Competitividade)

ANEXO II

Modelo de declaración responsable do importador autorizado (xúntese cuberto xunto coa solicitude de certificado AGRIM)

D/D.^a.....,
 con NIF, por si mesmo/a ou como representante da empresa
 con CIF n.º....., enderezo:.....,
 localidade:....., provincia:....., CP..... e enderezo de
 correo electrónico (opcional).....

Na súa calidade de importador autorizado de sementes de cânabo destinadas a fins distintos á sementeira,

DECLARA:

1. Que as sementes importadas e amparadas polo certificado AGRIM solicitado con data por unha cantidade de kg, serán sometidas unicamente ás operacións seguintes (indicar a cal delas):

a) Acondicionamento/tratamento de modo que quede excluído o seu uso para sementeira.

(Indíquese o tipo acondicionado/tratamento))

b) Mestura, a fins de alimentación animal, con outras sementes que non sexan cânabo, nunha proporción máxima do 15 por cento de cânabo no total de sementes.

c) Exportación a un terceiro país.

2. Que presentará nun prazo inferior a 12 meses desde a expedición do correspondente certificado de importación (AGRIM), documentación que demostre que as sementes de cânabo a que se refire o certificado foron sometidas ás operacións indicadas no número anterior.

3. Que as sementes amparadas polo certificado serán destinadas aos fins descritos no punto 1, polo/os operador/es seguinte/s (incluído o propio importador, se é o caso):

(Relacionar nome de operadores, NIF e razón social, localizacións de almacéns de operadores destinatarios, teléfono, fin previsto e cantidades destinadas a cada operador)

.....

4. Que achegará información de calquera modificación sobre o aquí declarado tan pronto como esta se produza.

E para que conste, asino esta declaración responsable, en o de de 20....

Asdo.

Subdirección Xeral de Comercio Internacional de Mercadorías. Código de identificación electrónico EA0010752

(Dirección Xeral de Política Comercial e Competitividade)